

DOCUMENTO Nº 1: CONTEXTO

1. DATOS DO CENTRO

- a. Nome completo: Centro Público Integrado de San Vicente
- b. Localización: Rúa Tedelle s/n, San Vicente, A Baña, A Coruña.
- c. Comunicación:
Teléfonos: 881867001, 881867002, 881867003, 881867004
Correo electrónico: cpi.san.vicente@edu.xunta.gal
Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpisanvicente/>

2. CARACTERÍSTICAS DA CONTORNA:

- a) **Socio-cultural:** O CPI de San Vicente da Baña, xunto coa EEI de Lañas, conforman a oferta educativa do concello da Baña. Situado no val da Barcala, unha zona rural do interior da provincia da Coruña, entre os concellos de Santa Comba, Val do Dubra, Ames e Negreira, o concello da Baña é eminentemente rural, aínda que as actividades agrícolas non son as que ocupan a maioría da poboación. Das 3.415 persoas censadas no ano 2020, o sector servizos ocupa a 678 persoas, a agricultura e pesca 192, a construción 150 e a industria 130. O número de persoas paradas en 2019 era de 185 persoas e o movemento migratorio nese mesmo ano foi de 106 persoas. No ano 2019 había no concello un total de 131 explotacións de gando vacún cun total de 4.663 animais e estaban rexistradas un total de 326 empresas, das cales 309 constan de 0-2 asalariados. O censo de poboación é de 3.415 habitantes no censo de 2020, dos cales 215 están en idade escolar (de 0 a 15 anos).
- b) **Económica:** Esta realidade social e cultural dá lugar a unha situación económica complexa. A maioría da poboación traballa no sector servizos ou como autónomos. Existe unha alta porcentaxe de persoas desempregadas e tamén un preocupante descenso poboacional, consecuencia do envellecemento da poboación e da migración da poboación máis nova, en especial a concellos próximos como Negreira, Santa Comba, Ames ou Santiago de Compostela, na procura de oportunidades laborais e maior oferta de servizos.
- c) **Lingüística:** Está configurada por:

- i. Unha poboación maioritaria que usa o **galego** como idioma habitual e que tamén posúe competencia, cando menos verbal, para expresarse en lingua castelá. A Baña intégrase na área da Costa da Morte na cal, en 2018 e segundo os datos do Consello da Cultura Galega, un 92,43% da poboación fala habitualmente en galego, sempre ou máis que en castelán.
- ii. Unha porcentaxe pequena de poboación que emprega o castelán como lingua vehicular e que posúe unha competencia similar en galego.

3. TIPOS DE FAMILIAS

No concello da Baña existe un número significativo de **familias extensas** nas que conviven tres xeracións distintas. Existen tamén numerosas **familias nucleares** nas que os proxenitores conviven cos seus fillos, entre un e dous, e un pequeno número de **familias monoparentais**.

4. ALUMNADO:

a) Características:

O tipo de poboación anteriormente descrito dá lugar a un alumnado bastante homoxéneo que convive de xeito harmónico, non producíndose, salvo en contadas excepcións, conflitos ou problemas significativos de convivencia no centro escolar. Aínda así, o centro escolar preocúpase por desenvolver de xeito interdisciplinar e dentro do Plan de Acción Titorial en todas as etapas educativas, medidas de **sensibilización e prevención** do acoso, a discriminación ou a violencia, así como de potenciación dunha cultura de **xestión pacífica dos conflitos**.

b) Necesidades:

A dispersión da poboación, xunto coa limitada oferta de servizos de transporte dá lugar a unha escasa oferta de actividades complementarias para os menores de 16 anos, tanto culturais coma deportivas. Ao mesmo tempo, e tamén como consecuencia da distribución territorial da poboación, en moitos lugares carecen dunha conexión a Internet minimamente aproveitable para o desenvolvemento do traballo escolar.

Por este motivo, o centro escolar procura, na medida das súas posibilidades, compensar esas desigualdades proporcionando ao alumnado o acceso a actividades educativas e recursos de aprendizaxe dos que poidan carecer nos seus fogares, por un lado colaborando co Concello da Baña e a ANPA Vieiro do

Ensino na organización de actividades extraescolares no centro educativo e, por outro, mantendo aberta a biblioteca escolar todas as tardes de 15:30 a 17:30 e participando en diferentes programas de innovación educativa en horario escolar e extraescolar como os Contratos Programa, E-Dixgal ou Digicraft no teu cole.

5. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS:

O centro ten unha estreita relación de colaboración coas seguintes organismos e institucións:

- a. **O Concello da Baña** co que colabora en aspectos fundamentalmente deportivos e culturais: actividades extraescolares, competicións deportivas, uso de instalacións, etc.
- b. **A ANPA Vieiro do Ensino**, que colabora estreitamente co centro escolar na organización e desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.
- c. A [Asociación Anxiños](#), que escolariza no noso centro aos rapaces e rapazas en idade escolar que son atendidos no mesmo en réxime de residencia.
- d. Os **IES Xulián Magariños de Negreira** e o **IES Terra de Xallas** de Santa Comba, que colaboran co departamento de Orientación na presentación das saídas académicas para o alumnado que remata estudos no CPI de San Vicente.

6. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS:

O centro que queremos aséntase en catro piares, os alicerces sobre os que se constrúe o noso labor pedagóxico. Son os nosos valores e principios de funcionamento:

1. O compromiso co medio ambiente e a vida saudable.
2. A posta en valor da nosa lingua e a nosa cultura, coma vehículos para acceder á cultura e ao coñecemento universais.
3. A inclusión e a igualdade.
4. A compensación de desigualdades.

As nosas metas son as seguintes:

- Facer do noso centro educativo un espazo de referencia para toda a comunidade educativa, un lugar para a aprendizaxe, a convivencia e a integración social e cultural coa nosa contorna.
- Facer o noso centro atractivo tamén para as familias de concellos limítrofes que procuren un ensino en galego, de calidade, integrador, próximo e respectuoso coa diversidade.

Así mesmo, este proxecto baséase nun modelo de liderado distribuído, que é exercido dun modo compartido entre os membros do equipo directivo, co fin de favorecer as metas comúns e contando en todo momento co traballo colaborativo de todo o equipo docente, motivado na construción dun proxecto humano e pedagóxico común.

7. OBXECTIVOS PRIORITARIOS

Na organización e xestión:

Mellora da coordinación docente e da metodoloxía pedagóxica.

Priorización da equidade, a inclusión e a atención á diversidade.

Na convivencia:

Mellora da comunicación coa comunidade educativa.

Creación dun clima de centro baseado na convivencia e na participación de todos os sectores da comunidade educativa.

Na aula e o currículo:

Posta en valor da cultura e lingua propias como vehículo para o acceso ao coñecemento universal e o desenvolvemento persoal.

Aposta pola innovación pedagóxica e o desenvolvemento das competencias clave.

Mellora das competencias docentes.

Fomento da creatividade como pilar fundamental na aprendizaxe e a formación do alumnado.

No centro escolar:

Dinamización de espazos inclusivos de convivencia para profesorado, alumnado e familias.

8. MEDIDAS PRIORITARIAS:

Na organización e xestión:

Fomentar e dinamizar o funcionamento de equipos docentes de traballo colaborativo que abrangan as tres etapas educativas.

Deseño de horarios, espazos, actividades e *currícula* priorizando a inclusión e a atención á diversidade.

Na convivencia:

Establecer canles directas e seguras de comunicación con familias, institucións e contorna.

Garantir a difusión e o desenvolvemento do plan de igualdade en todas as etapas educativas e en todas as áreas do currículo.

Na aula e o currículo:

Desenvolvemento do Plan de Tratamento Integrado das Linguas.

Desenvolvemento da competencia dixital.

Desenvolvemento de proxectos anuais interdisciplinares baseados na aprendizaxe por proxectos.

Deseño dun programa de formación de profesorado anual baseado nas necesidades de formación do equipo docente.

Propostas de actividades artísticas e creativas, interdisciplinares e abertas a toda a comunidade educativa.

9. CARACTERÍSTICAS SINGULARES

a. Oferta educativa

O CPI de San Vicente é un centro de liña única que conta con 12 unidades repartidas do seguinte xeito)

i. 4º-6º de Educación Infantil (2 unidades)

Por contar con unicamente dúas aulas, agruparanse en dúas aulas mixtas ou unha aula mixta e outra pura, tendo en conta o número de alumnos e alumnas matriculados en cada nivel no curso escolar correspondente e a ratio de cada aula (as aulas mixtas poderán incluír 20 alumnos e alumnas e as puras 25).

No caso de repartir o alumnado en dúas aulas mixtas, será o nivel intermedio (5º de Educación infantil) o que se distribúa repartido nas dúas aulas cun criterio estritamente cronolóxico e atendendo as necesidades especiais do alumnado, se as houberse.

ii. Educación Primaria (6 unidades)

En función da dispoñibilidade horaria do profesorado, poderán realizarse desdobramentos ou agrupamentos específicos das aulas máis numerosas coa finalidade de favorecer a inclusión e

a atención á diversidade do alumnado con necesidades educativas especiais.

iii. ESO (4 unidades)

En función da dispoñibilidade horaria do profesorado, poderán realizarse desdobramentos ou agrupamentos específicos das aulas máis numerosas coa finalidade de favorecer a inclusión e a atención á diversidade do alumnado con necesidades educativas especiais.

b. **Especialización curricular**

i. Atención á diversidade absolutamente inclusiva, que non cree discriminacións nin desigualdades.

ii. Materias de centro:

1. 4º de EP: TIC
2. 6º de EP: Iniciación ao francés ou Reforzo na competencia en comunicación lingüística. (Segundo dispoñibilidade de profesorado).
3. 1º ESO: Investigación e Tratamento da Información
4. 2º ESO: Fotografía

iii. Optatividade:

1. 4º de ESO: Ensinanzas académicas e aplicadas con ampla oferta de materias optativas. (Vid. Cap. 2.1.3)

c. **Servizos**

i. **Comedor escolar** de luns a venres para Infantil e Primaria e os mércores para alumnado de ESO.

ii. **Transporte escolar**: 6 rutas de transporte que cobren a totalidade das parroquias do Concello que realizan unha entrada conxunta de alumnado das tres etapas e dúas saídas, unha para ESO ás 14:35 (luns, martes, xoves e venres) e ás 17:55 (mércores) e outra para Infantil e Primaria ás 15:30.

iii. **Servizo de madrugadores**: Xestionado polo Concello da Baña, oferta atención e almorzo para a conciliación laboral e familiar, de luns a venres de 07:30 a 09:15.

iv. **Actividades extraescolares**: Actividade deportivas, de lecer e de reforzamento da lingua inglesa, xestionadas polo Concello da Baña e a ANPA Vieiro do Ensino.